



OURENSE, DOCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTECATRO

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 3-2024 / TEMPADA 2023-24

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: Campeonato Galego Mixto Cadete

Equipos participantes: R.C.N. Vigo - CW Santiago Femenino

Día, hora e lugar: 27/01/24, 20:30, nas Pontes de García Rodríguez

FEITOS

FEITO PRIMEIRO: O día 1/2/24 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

"Tras advertir ao adestrador visitante Xavi Pérez Carpio con número de licenza 1006265 por protestar reiteradamente decisións arbitrais, móstraselle a tarxeta amarela ao final do 3º período, xa que durante o cambio de bancos diríxese a un dos árbitros do encontro nos seguintes termos: "Tenéis el criterio en los cojones".

Posteriormente no minuto 0:41 do último período expúlsaselle definitivamente do encontro, mostrándoselle a tarxeta vermella por seguir protestando continuamente as decisións arbitrais.

Seguidamente en vez de abandonar o vaso da piscina, sitúase na parte posterior do banco tendo que demorar o reinicio do xogo para lembrarlle que non pode estar aí e que debe abandonar a zona de competición, tras o cal se marcha.

Pasado un tempo reaparece novamente no vaso da piscina tendo que volver a parar o encontro para indicarlle que abandone a zona de competición.

Ao final do encontro descúlpase con ambos árbitros."

FEITO SEGUNDO: O mesmo día deuse trámite de audiencia ós interesados polo prazo de dous días hábiles.

FEITO TERCEIRO: A data da presente, non se realizou ninguna alegación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada; a maior abundamento non se fixeron alegacións.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos como constitutivos de infracción GRAVE do art.6. I. 1. epígrafes "C": O incumprimento reiterado de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes. En tales órganos están comprendidos os árbitros, xuíces, técnicos, directivos e demais autoridades deportivas.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer ós adestradores, con base no artigo 8.1 son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: As sancións que se contemplan para infraccións graves no art. 9.1, aplicables a adestradores, son:

- a) Suspensión ou inhabilitación, ou privación da licenza federativa, dun mes a dous anos, ou de catro a máis encontros nunha mesma tempada.

FUNDAMENTO DE DEREITO QUINTO: Considéranse, en todo caso, como circunstancias atenuantes da responsabilidade disciplinaria deportiva:

- A) a de arrepentimento espontáneo
- B) a de preceder, inmediatamente á infracción, unha provocación suficiente
- c) a de non ser sancionado con anterioridade no transcurso da vida deportiva

RESOLUCIÓN

Impor ó adestrador **XAVI PÉREZ CARPIO** con número de licenza **1006265**, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos:

SANCIÓN GRAVE, computada no seu **grado mínimo** a vista da circunstancia atenuante, consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR CATRO ENCONTROS DE CALQUERA CATEGORÍA**.

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuiz Unico Comité de Competición da FEGAN
Firmado dixitalmente

Página 3 de 3



NOMBRE
NOVOA
FERNANDEZ
JOSE ANTONIO -
NIF 44494421R